

**CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN,
INDUSTRIA E COMERCIO**

Corrección de erros.-Orde do 28 de febreiro de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas nos parques empresariais e recintos de localización preferente de empresas na Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2005.

Advertido erro na devandita orde publicada no DOG nº 44, do venres, 4 de marzo de 2005, cómpre facer a seguinte corrección; despois do anexo II-A debe engadirse o seguinte anexo:

ANEXO II - B



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN,
INDUSTRIA E COMERCIO

PROCEDIMENTO AXUDAS A ASOCIACIÓNS DE EMPRESARIOS E INSTITUCIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A HABILITACIÓN E MELLORA DE INFRAESTRUTURAS NOS PARQUES EMPRESARIAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO IN519B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

ASOCIACIÓN EMPRESARIAL / INSTITUCIÓN / AGRUPACIÓN		CIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

E na súa representación:

NOME		NIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

OBJECTO DA SOLICITUDE

DENOMINACIÓN DO PROXECTO DE ACTUACIÓN SUBVENCIONABLE			
ORZAMENTO DO INVESTIMENTO QUE SE VAI REALIZAR		AXUDA SOLICITADA	
Nº VISADO E DATA DO PROXECTO		POLÍGONO INDUSTRIAL	
ANO CREACIÓN	Nº TOTAL DE PARCELAS	PARCELAS OCUPADAS	

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (POR DUPLICADO)

<input type="checkbox"/> DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA ENTIDADE SOLICITANTE NIF/CIF.	<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DE AXUDAS.
<input type="checkbox"/> MEMORIA TÉCNICA XUSTIFICATIVA DO INVESTIMENTO.	<input type="checkbox"/> CERTIFICADOS DE ESTAR AO CORRENTE CON FACENDA, SEGURIDADE SOCIAL E A COMUNIDADE AUTÓNOMA.
<input type="checkbox"/> ORZAMENTO DE GASTOS.	<input type="checkbox"/> CONVENIO ESPECÍFICO DO TITULAR COA EMPRESA IMPLICADA.
<input type="checkbox"/> PROXECTO TÉCNICO.	<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DE NON ESTAR INCURSO NAS CIRCUNSTANCIAS DO ARTIGO 13.
<input type="checkbox"/> INFORME URBANÍSTICO.	
<input type="checkbox"/> TITULARIDADE DAS INFRAESTRUTURAS.	

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 28 de febreiro de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas nos parques empresariais e recintos de localización preferente de empresas na Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2005.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA _____ de _____ de 2005

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

Orde do 1 de marzo de 2005 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas de apoio á dinamización sectorial e seguridade no ámbito da minaría na Comunidade Autónoma galega, en réxime de concorrencia competitiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2005.

O sector mineiro ten unha grande importancia na economía de Galicia, tanto en termos de produción, comercio exterior como de emprego, ocupando, no caso dalgúns subsectores, posicións de liderado a nivel nacional e, incluso, internacional.

Non obstante, a crecente presión dos mercados, tanto nacionais como internacionais, o aumento dos requirimentos técnicos, así como a cada vez maior concienciación da sociedade nos aspectos ambientais e de seguridade laboral, exige do sector mineiro un crecemento sostido, aproveitando máis eficazmente o seu potencial de desenvolvemento, que reforce a súa posición económica, permitíndolle superar tanto as ameazas externas como as súas propias debilidades, garantindo un emprego máis estable e de calidade.

A Administración autonómica non pode, nin debe, ser allea a este propósito, polo que a Consellería de Innovación, Industria e Comercio considerou necesario establecer un programa de axudas encamiñado á dinamización sectorial e seguridade no sector da minaría.

Na súa virtude, en uso das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Bases reguladoras.

Apróbanse as bases para a concesión de axudas incluídas no programa de axudas encamiñadas ao apoio á dinamización sectorial e seguridade no ámbito da minaría na comunidade autónoma galega que figuran no anexo I a esta orde.

Artigo 2º.-Convocatoria.

1. Convócanse as axudas encamiñadas ao apoio á dinamización sectorial e seguridade no ámbito da minaría na comunidade autónoma galega, para o ano 2005, de acordo coas bases aprobadas nesta orde.

Estas axudas outorgaranse, en réxime de concorrencia competitiva, con cargo aos créditos previstos nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma galega para o ano 2005, destinándose para o seu financiamento ata un máximo de 679.440 euros para a anualidade citada, e 135.888 euros para a anualidade de 2006 que se imputan ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Denominación: a) Fomento da prestación de servizos efectuada por asociacións ou federacións empresariais dos sectores industriais relacionadas coa minaría.

Partida orzamentaria: 08.02.641-A.780.2.

Importe en euros:

Ano 2005: 400.000.

Ano 2006: 80.000.

Denominación: b) Fomento da seguridade laboral nas empresas de sectores industriais relacionadas coa minaría.

Partida orzamentaria: 08.02.641-A.770.0.

Importe en euros:

Ano 2005: 279.440.

Ano 2006: 55.888.

Total:

Importe en euros:

Ano 2005: 679.440.

Ano 2006: 135.888.

2. Estas cantidades poderanse incrementar en función das solicitudes presentadas e de acordo coas disponibilidades de crédito.

Poderanse establecer os correspondentes compromisos plurianuais dentro dos límites establecidos pola lexislación vixente.

3. Establécese un límite máximo no importe da subvención para as empresas de 100.000 euros por anualidade, independentemente do número de proxectos presentados. Establécese un límite máximo no importe da subvención para as asociacións de 300.000 euros por anualidade, independentemente do número de proxectos presentados.

4. Excepcionalmente, sen prexuízo das modificacións orzamentarias pertinentes, nos supostos en que existise compatibilidade entre as accións correspondentes ás aplicacións orzamentarias citadas e crédito suficiente, poderá destinarse parte de crédito dunha das aplicacións que non fora esgotada para cubrir actuacións da outra aplicación que quedaran excluídos por falta de crédito.

5. O prazo para a presentación das solicitudes será de 40 días naturais desde o día seguinte á publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

6. O modelo de solicitude e o resto dos modelos necesarios para solicitar ou xustificar a axuda, publícanse como anexos II, III, IV e V, desta orde e atópanse tamén á disposición dos interesados no enderezo de internet <http://www.xunta.es/conse-lle/in>.

A solicitude acompañarase da documentación establecida nas bases.

Disposición adicional

Delegación de competencias.

1. Deléganse nos delegados provinciais da Consellería de Innovación, Industria e Comercio as atribucións para a resolución dos procedementos de con-